



CLUB

MONTAÑEIRO

CELTAS

BOLETÍN 150 XUÑO 2021

NÚMERO 150

En abril de 1944 publicábase o primeiro boletín do Club Montañeiros Celtas, naquela época, Sección de Montaña do Club Celta e, comezaba así: *“A constante progresión de adeptos ao saudable deporte do montañismo, que diariamente acoden a nutrir as filas da montañeira grey, ao propio tempo que estimula o labor con tanto entusiasmo emprendido pola nova Xunta Directiva da Sección, créalle a esta novas necesidades.*

Unha das que con maior urxencia deixábase sentir, era a dunha publicación propia, na cal puidésemos ver expostos, o movemento social, a vida da Sección, as actividades individuais e os proxectos elaborados polos elementos reitores, amén de outras novas de gran interese para todos os que amamos este sen par deporte, por cuxa maior difusión labramos (...) Esta circular como expoñente que ten que ser das nosas comúns aspiracións deportivo-culturais reclama a colaboración de todos os montañeiros. (...) Todos temos que labrar nesta empresa, aportando o froito que, como resultado das excursións, sirva para enriquecer o noso arquivo, valorar o contido desta publicación e darlle amenidade ás súas páxinas”.

77 anos e 149 números despois agradecemos a todas e todos os socios que colaboran escribindo as impresións das actividades realizadas, que envían fotos, os seus debuxos... Grazas aos que participades e aos que cada trimestre ledes este boletín que empezou sendo unha circular.



Seccións

Sendeiro.....	2
Bici de montaña.....	3
Cultura e M.Ambiente.....	4
Espeleo.....	5
Escalada.....	5
Act. Subacuáticas.....	6
Vindeiras Actividades.....	7
Calendario de actividades.....	8

Vindeiras Actividades

- ⇒ Campamento social de verán
- ⇒ Montaña / Sendeiro no Val de Ordesa
- ⇒ Pequecampamento en Pinténs
- ⇒ Xeoparque Courel
- ⇒ Marcha nocturna da sección Xuvenil
- ⇒ Escalada en Baroña

CONFIDENCIALIDADE: Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 RGPD, o responsable do tratamento dos seus datos é CLUB MONTAÑEIRO CELTAS. A finalidade do tratamento é atender ás comunicacións de interese para ambas partes, sendo a base legal o consentimento outorgado. Non se cederán datos a terceiros. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión, entre outros, tal e como se explica na información adicional que poderá obter remitindo un correo electrónico ó enderezo administracion2@celtas.net ou nas oficinas do Club.

SENDEIRO

Sendeiro Muíños de Mosende 9 de maio

Que por maio era por maio... cando os Montañeiros Celtas reiniciamos nestes tempos de pandemia as desexadas saídas en grupo. Nesta ruta percorremos parte dos concellos de Mos, Porriño e Gondomar, tendo como punto de partida o aparcadoiro da Virxe das Neves en Erville. Para quen guste de cifras: 17 participantes, 12 Km. e uns 500 metros de desnivel positivo.

Ao pouco de iniciar o camiño internámonos nun bosque de ribeira onde foron aparecendo o primeiro grupo de muíños de auga, alcumados “Muíños de Mosende”, rehabilitados no 2003. Recollen a auga do Rego de Folón e cadanseu ten unha lenda co seu nome, lémbrome de “Carme e Pura” e “Manolo e Xosé”, e en todos eles destacan os enormes piares que como fitos xigantes de pedra envolta en musgo sustentan a levada. Continuamos ata a parroquia de San Xoán de Chenlo, pulmón vexetal do concello de Porriño. E tras pasar as ruínas dunha aldea abandonada foron aparecendo o segundo grupo de muíños, os “Muíños de Chenlo”, que en ringleira e bastante xuntos seguen ao río saltarico e cantareiro que baixa formando pequenas cascadas. Seguimos polos barrios de Filgueiras e Saramagal, este último lugar de “saramagos” (ravos silvestres con equivocada fama de mala herba xa que serviu de sustento nos tempos de fame). E tomamos rumbo ao Galiñeiro por un terreo máis pedregoso para facer cume no Arruídos (709 metros), cerca dos famosos petróglifos da Auga da Laxe e o campo de mámoas. Alí xantamos baixo a torre de vixilancia forestal. E como sobremesa engadimos a subida ao Coto de Mediodía (645 metros). Seguimos pechando o círculo cara ao punto de inicio onde subimos por uns chanzos de pedra ao Miradoiro da Pedra Pinta, cunha gran cruz de formigón, ao lado está a popular ermida da Virxe das Neves. Só me queda agradecer a todos este día de reencontros e especialmente á quen tan ben nos leva. Carmen F.



Sendeiro Miradoiros de Penagache 30 de maio



Neste derradeiro domingo de maio, compartindo un comfortable autobús preparado para turistas xaponeses e cun chofer nativo do lugar a visitar, 23 montañeiros celtas comezamos a viaxe cara ao segundo sendeiro deste mes, rumbo ao Penagache(1224 metros). Fixemos 22 km. e uns 900 metros de desnivel positivo acumulado.

Camiñamos pola Serra de Laboreiro, entre Galiza e Portugal, zona nomeada “Raia Seca” que ascende dende o Val do río Deva ata os cumes nos que nacen os ríos que van ao Miño(Deva e Troncoso), ao Arnoia, ao Limia e a Castro Laboreiro na parte portuguesa. A primeira parada foi Quintela de Leirado, onde seguindo as boas tradicións (para os que somos lambóns) do café e biscoito antes de empezar. A ruta principia no lugar de Os Garaxes, por un sendeiro estreito entre piñeiros e vexetación autóctona seguindo o río Deva ata chegar a ponte do Retortoiro, orixinal ponte románica que nos permite cruzar o río. Despois un camiño empedrado condúcenos a aldea de Xacebáns, e continuamos a subida cun “sol de carallo” ata o Penagache. Esta mole granítica atópase entre os municipios de Quintela de Leirado e Vereo, no sistema montañoso do Xurés.



Sendeiro Miradoiros de Penagache 30 de maio

No cume achámonos cun banco de madeira, que nos incita a desfrutar das vistas: parte dos vales do río Miño e do río Arnoia, Serra de San Mamede, monte Medo, Serra do Faro, vilas de Carballiño e A Cañiza, val da Limia

Con este panorama e unha lixeira brisa xantamos relaxadamente, contemplando dende o alto a bucólica estampa dalgúns cabalos libres coas súas crianzas, e dende abaixo as brillantes nubes brancas nun ceo hiperazul.

O Penagache, como outros montes galegos, ten a súa lenda de moura que alí habitaba nunha cova; e preto, na chamada Portela de Pau, tamén un importante conxunto de restos megalíticos, con máis de 200 túmulos funerarios que proban que esta zona estivo habitada na Idade Antiga. Xa coa pereza da sesta seguimos pateando polos altos da Portela de Pau e de Basteira, e o precioso descenso pola Serra de Aguillón, con vistas ás montañas coa efervescente vexetación primaveral.

Cruzamos de novo o río Deva pola ponte dos Carros, xemelga da do Retortoiro; pasamos por Cabanelas e terminamos no mesmo bar do inicio en Quintela de Leirado. E seguindo coas boas tradicións, final feliz de birras con pincho en animada compañía. Moito obrigada a quen prepara e comparte para todos o camiño. Carmen F.



BICI DE MONTAÑA

Bici de montaña polos montes do Morrazo 25 de abril

Retomamos as actividades de bici de montaña despois do parón pandémico. Había ganas de saír a darlle aos pedais, así que aínda que chovía 9 valentes démonos cita na esplanada do porto de Aldán as 9 da mañá do domingo 25 de abril. Só nos faltou cantar o "Grândola, Vila Morena...".

O plan era darlle a volta a toda a península da punta do Morrazo, comezando en Aldán, seguindo polo Hío, Punta Couso, Donón, Cabo Home.... Así que aproveitando un leve parón da choiva montamos nas nosas bicis e ala a descubrir carreiros e camiños. Na primeira zona non estaba fácil, pois o descontrol urbanístico provocou a perda de camiños e fixo dificultoso seguir a liña de costa, pero tentámolo de todos xeitos, descubrindo cousas moi curiosas.

Chegamos a punta Couso, primeiro obxectivo cumprido. Agora ben, saír de alí non foi fácil. Despois de varias dúbidas en como proseguir o roteiro, abríusenos unha porta e puidemos saír a un camiño que nos facilitou a continuación.

De aquí pasamos a Donón, cargando coas nosas bicis para salvar unha zona rochosa que nos permitise continuar polo camiño que pasa a carón do Facho e leva ata o pobo. Á entrada de Donón estivemos discutindo como proseguir o roteiro e decidimos seguir polo camiño costeiro que leva ata Cabo Home, desde onde baixamos ata á praia de Barra, para proseguir polo areeiro e rematar en Nerga.

Neste punto demos por rematado este roteiro costeiro e seguimos a estrada para voltar ao porto de Aldán, onde tiñamos os coches. Xulio T.



CULTURA E M. AMBIENTE

Pequemarcha no Xabriña 23 de maio

Por fin puidemos quedar, vernos, saber de todos (como medraron os nenos e as nenas!!!) e desfrutar do que máis nos gusta: a natureza e os amigos e amigas.

Así quedamos o 23 de maio en Paraños-Covelo para pasar unha xornada de reencontro e disfrute a tope do que o medio de Paraños ofrece. Contamos coa inesquecible colaboración da Comunidade de Montes de Paraños, da man do noso Manolo Sendín, que fixo que o día fora completo, completo.

Comezamos por nos dividir en dous grupos: “maiores” e “menos maiores”. Mentres os primeiros percorrían o río Xabriña desde A Lamosa ata Paraños, comandados por Carlos e María, saboreando o bosque de ribeira e os numerosos puntos de interese etnográfico existentes no camiño, os “menos maiores” fixemos o tramo do Xabriña arredor de Paraños, cos paradiñas de interese mentres colleitabamos plantas silvestres comestibles.

Como o grupo dos “maiores tardaba máis, os “menos maiores” esperamos no Roupeiro para realizar dous traballos: debullar millo (algún peque ía gran a gran) e poñer a funcionar (Manolo) o muíño, pois o Xabriña aportaba auga suficiente. Cando chegaron os da Lamosa acabaron de debullar e xantamos alí mentres se ía moendo o millo.

Logo de xantar, recolleamos a fariña e mentres os “menos maiores” ían visitar o Favum (Lagar da cera) para coñecer a importancia meleira de Paraños e a obtención da cera para fabricar velas e exvotos. Fixemos varias figuras cos moldes. Interesantísimo Favum, de carácter etnográfico e histórico, que nos transportou anos atrás. Mentres, os “maiores” ían ao Centro Veciñal para rematar de colleitar plantas e xogar mentres un grupo de maiores de verdade cociñaban as plantas silvestres colleitadas (gracias a Ana e Fátima, de Paraños, que estiveron man con man con Lourdes).

Os “menos maiores” chegaron do Favum e preparamos mesas fóra para deleitarnos todos e todas cos pratos elaborados: paté de aromáticas, paté de llantén, crema de estrugas, revoltos de carniceira e cenizo, crema de silvestres varias, revoltos de silvestres varias,...

Logo de recoller, pateados, debullados, “favados”, xogados, relacionados e comidos, remataron os cativos de-rrro-ta-dos. Agradecidos e esperando a próxima, fomos marchando.... Emilio B.



Coidemos a nosa contorna. Día dos Océanos 6 de xuño

As catro entidades organizadoras: Anduriña, 13 Grados, Greenpeace e Montañeiros Celtas reuniron a un nutrido grupo de participantes na cabeceira da praia de Areamilla, o obxectivo principal era poñer de manifesto a importancia medioambiental da contorna Punta Balea celebrando á par o Día dos Océanos. As actividades programadas consistían en: recoñecemento da zona (lagoa Congorza, área intermareal, área postmareal, duna,) con un pequeno percorrido, observación de medio vexetal e animal, observación de aves e recollida de lixo na praia de Areamilla e duna. En total recolleamos un contenedor e medio de lixo: dende pneumáticos, unha parte dunha aspiradora, botellas, microplásticos, boliñas de polispán... Despois de tanto traballar os máis novos puideron desfrutar dunha maravillosa tarde de praia. Grazas a todas e todos os participantes e ás entidades organizadoras . Mónica V.



ESPELEO

Barranquismo en Mougás

5 de xuño

O primeiro sábado de xuño, e coa chegada do bo tempo, realizamos a actividade de Montañeiros Celtas de barranquismo. Primeiramente estaba programada para ser no Río Pedras, na Pobra do Caramiñal, pero por mor das restricións no concello debido á pandemia, mudouse ao río Mougás, Concello de Oia. A actividade fíxose conxuntamente coa de escalada do día seguinte, así tódalas persoas que quixeramos pernoctar pola zona puídemos pasar un fin de semana completo de contacto ca natureza.

Alicia e Diego organizaron a actividade marabillosamente, aínda que tiveron que buscar a alternativa no último momento, foi todo sobre rodas, coma se xa estivera programada desde había tempo por uns profesionais.

O río dispuña de 15 rápeles de nivel medio-baixo, perfecto para principiantes! e moi entretido tamén para as que xa tiñan destreza nisto do barranquismo.

O día foi espléndido, o sol fixo que cada vez que tocaba mollarse fose un verdadeiro disfrute. A actividade foi moi dinámica e tivo tamén tempos de descanso mentres algún preparaba o seguinte descenso e baixaban outros compañeiros e en todo momento houbo moi bo rolo entre o persoal . Xa estou contando os días para a seguinte! Ana P.



ESCALADA

Escalada en Oia

6 de xuño

Se mesturamos natureza cunha actividade que che gusta, como é a escalada, e che propón Montañeiros Celtas ir un domingo a realizala aos montes de Oia, xunto con outra xente que comparte o teu mesmo gusto por esta práctica deportiva, sobre dicir que a experiencia resultou fabulosa. E se por riba é a túa primeira saída á roca con este club, como era o meu caso, ademais de cualificar a actividade como excelente, non teño dúbidas de que penso, non só repetir, senón apuntarme a outras actividades diferentes, dentro do amplo abanico que nos ofrece.

Xuntámonos nun fermoso enclave varias persoas para escalar, dirixidos/as por David, un rapaz moi atento e agradable. Alí, cunha parede fronte a nós, e co Atlántico ás nosas costas, compartimos todo o día vías, risas, experiencias,... axudámonos, aprendemos uns doutros, descubrín (e probei) as gafas que che permiten relaxar o pescozo e as cervicais cando estás a asegurar ao teu compañeiro de cordada, e coñecín unha contorna única que recomendo dende aquí.

Se sodes capaces de imaxinar todo o que vos acabo de contar, poderedes saber tamén que, pese ao cansazo e aos antebrazos saturados, cheguei ao meu sofá coas pilas cargadas, coa mente relaxada, e cun sorriso que aínda se me pon cando trato de recordar a experiencia e o lugar. E con isto, a semana comezou chea de enerxía.

So me queda agradecer ao Club esta iniciativa; e ás persoas que estiveron alí, o trato recibido; así como desexar volver a participar moi pronto en novas actividades ademais de repetir a da escalada. De seguro que será marabillosa e noutro enclave máxico. E ti, apúntaste? Alberto B.



ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

Bautismos de mergullo 17 de abril e 8 de maio

Despois da incerteza por saber se poderíamos facer a actividade, a previsión meteorolóxica concedeunos o regalo que algúns levabamos esperando moito tempo: facelo o bautismo de mergullo.

O Venres pola noite, ca ilusión dun neno, preparei o mochila coma se fose a formar parte da tripulación do Nautilus. Chegara o día. O Sábado pola mañá sorprendeunos cun amencer mellor do que esperabamos. O ceo estaba despexado, e aínda que era cedo, xa invitaba a pensar que a temperatura e o vento nos ían a permitir desfrutar da actividade.

Bueu estaba precioso. A Praza de Abastos (das mellores de Galicia) empezaba a funcionar. Os mariñeiros locais xa levaban un rato no peirao e algúns madrugadores xa tiñan a cana montada para desfrutar dun bonito día de pesca.

Fomos chegando todos moi puntuais á caseta do Club Buceo Ons. Despois das presentacións e algunha broma para romper o xeo, formamos as parellas e a orde para entrar na auga. Os monitores explicaron con tino e paciencia os detalles da actividade, pois, aínda que non é unha actividade perigosa, é necesario ter uns conceptos claros. Non podemos esquecer que estamos fora do noso medio natural.

Mentres nos instruían e buscaban o equipo adecuado para cada un, tivemos a sorte de coñecer a Rafa: o presidente do Club Buceo Ons. Un vello coñecido e colaborador do noso club. Lembro ao noso Eutimio falar del na última festa de Nadal na nosa sede. Precisamente Rafa tiña una actividade esa mañá: mergullarse cerca do peirao para recuperar unha mesa que caera dun mexilloneiro. Serviunos para botar unhas risas e abordar con mais gañas, se cabe, o noso mergullo.

Despois de ver como equipaban á primeira parella de compañeiros, acompañámoslos con emoción, impaciencia e certa envexa ata as escaleiras do peirao. Alí escoitamos con atención as últimas instrucións e nos despedimos entre risas mentres desaparecían na auga.

Logo de 30 minutos saíron os compañeiros. A cara xa o dicía todo. Mollados pero cun sorriso de orella a orella. A primeira preocupación que tiñamos era o frío. Pero non fora tal. Dixeron que a auga estaba perfecta. Confirmado polos monitores, os que ademais dixeron que a visibilidade era inmejorable.

Tocounos ao segundo grupo mergullarnos. E alá fomos. Breve toma de contacto cas botellas de aire (primeira clase: non son bombonas de oxíxeno), gafas, aletas e en poucos minutos estabamos peiteando o fondo mariño. Efectivamente a visibilidade era óptima e case non había corrente. Como se adoita dicir: calma chicha.

A sensación foi única. Case sen esforzo, avanzabamos na auga a poucos centímetros do fondo. Un leve aléiteo era suficiente. Os brazos case nin se moven. Non é necesario. So para palpar as cousas que te vas atopando. En poucos metros observamos unha solla perfectamente camuflada no fondo mariño. Os cangrexos ermitáns eran moi abundantes. Pasamos algunha zona con pequenas rochas e algas abundantes. Alí é onde desfrutamos da compañía das Centolas, ata o punto que as chegamos a coller cas mans. Observamos varios peixes de roca, un peixe porco, sargos. Ata creo que alguén chegou a ver unha cría de barracuda. O que mais me gustou foi a xibia pequena que pareceu observarnos durante uns segundos. Ceo que chegamos a baixar uns 5 metros. A sensación foi inmejorable. Non nos chegou o tempo a nada. Creo que poderíamos votar todo o día cos amigos do Club Buceo Ons.

Día marabilloso de mergullo. Compañía, clima, temperatura da auga, seguridade. Todo foi perfecto para desfrutar e estrear-se nesta bonita disciplina. Carlos H.



17-18 de xullo: Campamento social no Grove

Como xa é tradición, a fin de semana previa a Santiago reuníremonos no camping Moreiras, no Grove. Non faltarán as piraguas, saída en bici de montaña, churrasco, música e ganas de pasalo moi ben! Anímadevos.

1-10 de agosto: Val de Ordesa

Este ano o destino escollido é Torla, no Parque Nacional Monte PerdidoVal de Ordesa. Subiremos ao Monte Perdido, Tozal del Mallo, Vignemale... Coma sempre haberá actividades de sendeiro á par das de montaña.

18-19 de setembro: Pequeno campamento Pinténs

Este ano por mor dos protocolos Covid-19 pospoñemos o pequeno campamento ao mes de setembro. Durmiremos no xa habitual cámping de Pinténs e teremos preparadas algunhas sopras.

Vacacións

O Club permanecerá pechado todo o mes de agosto. Desfrutade das vacacións e enviádenos fotos das vosas aventuras montaíneas!
Feliz verán, familia montaínea!



Escola de escalada: “de 0 ao Cumio do Urriellu”

O curso segue a dinámica prevista, pero un pouco máis a presa do habitual. Ímonos introducindo xa na escalada con corda, facemos moito fincapé no aseguramento con placa, imos introducir as manobras de rápel e no vindeiros mes faremos unha saída a rocha natural para escalar moito co obxectivo de practicar moito a escalada no medio natural, o aseguramento en vías longas e especialmente desenvolverse con soltura e seguridade nos ambientes de escalada. O grupo está moi cohesionado, traballamos sempre con ritmo e o nivel de motivación segue ben alto.



Edita: Club Montañeiros Celtas Edición: Mónica Vila
Colaboran neste número: Emilio B., Alberto B., Carmen F., Carlos H., Ana P., Xulio T., José Luis V.
Imprime: Copypucho
DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado

X U L L O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	11	Sendeiro	Montaña-Sendeiro
	17	Bici de montaña Campamento Social O Grove	Bici de montaña
	17-18	Campamento Social no Grove	Social

A G O S T O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1	Escalada en Baroña	Escalada
	1-10	Pireneos. Val de Ordesa	Montaña-Sendeiro

S E T E M B R O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	4-5	Saída nocturna Xuvenil Galiñeiro- Aloia	Infantil-Xuvenil
	4-5	Bici de montaña no encoro de Maus de Sala	Bici de Montaña
	11-12	Barranquismo no Gêres	Espeleo
	11-12	Saída de montaña a Trevinca	Montaña-Sendeiro
	18-19	Pequecampamento en Pinténs	Cultura e M Ambiente
	19	Bici de Montaña Mosteiro de Arcibeiro	Bici de Montaña
25-26	Xeoparque Courel	Montaña-Sendeiro	

**Publicorreo
Óptimo**

MONTAÑEIROS CELTAS

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS
Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo
Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiroseltas
www.celtas.gal / info@celtas.net